

Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade

Datos correspondentes ao ano 2024

Data de publicación 27/02/2026

Principais resultados

- No ano 2024, no 11,3% dos fogares galegos residía algunha persoa con discapacidade con grado igual ou superior ao 33%
- A taxa de actividade das persoas con discapacidade en Galicia reduciuse 1,8 puntos respecto do ano anterior e situouse no 29,4%.
- A taxa de paro da poboación con discapacidade aumentou 1,1 puntos e acadou o 16,5%

1 Introducción

A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida ás vivendas familiares que o Instituto Nacional de Estadística (INE) realiza desde 1964.

No marco desta operación desenvolveuse a Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade que busca afondar no coñecemento sobre o colectivo particular das persoas con discapacidade e a súa integración no mercado laboral. Máis concretamente, invéstigase:

- As características demográficas, laborais e educativas das persoas con discapacidade
- A igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade no ámbito laboral
- A discapacidade dende a perspectiva de xénero
- A tipoloxía dos fogares nos que residen persoas con discapacidade e a situación laboral dos seus membros
- A prevalencia e gravidade da discapacidade
- O nivel de protección que reciben as persoas con discapacidade: prestacións, incentivos para a incorporación ao mercado laboral e o recoñecemento da situación de dependencia

A poboación obxecto de investigación é o colectivo de persoas de 16 a 64 anos cun grao de discapacidade superior ou igual ao 33% e asimilados (Real Decreto Lexislativo 1/2013) e que residen en vivendas familiares principais.


2 Fogares con discapacidade

En 2024 en Galicia 127.000 fogares contaban entre os seus membros con algunha persoa de 16 a 64 anos con discapacidade; isto representa o 11,3% dos fogares galegos.

O 69,7% destes fogares contaba con algunha persoa en activo entre os seus membros; no 30,3% restante todos os seus membros eran persoas inactivas.

Distribución dos fogares con algunha persoa de idade entre 16 e 64 anos con discapacidade segundo a relación coa actividade. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

3 Relación coa actividade da poboación con discapacidade

No ano 2024 había en Galicia 136.600 persoas con discapacidade en idade de traballar (de 16 a 64 anos), o que supuxo o 8,2% da poboación total en idade de traballar nese ano. Destas, o 29,4% (40.100 persoas) clasifícanse como activas e o 70,6% (96.500 persoas) como inactivas. A súa vez, dentro da poboación activa con discapacidade no 2024, o 83,5% estaba ocupada e o 16,5% restante en paro.

Poboación de 16 a 64 anos segundo a relación coa actividade e se teñen ou non discapacidade. Galicia. Ano 2024

Unidade: miles de persoas

Relación	Total	Persoas sen discapacidade	Persoas con discapacidade
Total	1.659,2	1.522,6	136,6
Poboación activa	1.234,1	1.194,0	40,1
Poboación ocupada	1.116,7	1.083,2	33,5
Poboación parada	117,4	110,8	6,6
Poboación inactiva	425,1	328,6	96,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#)).

Ao comparar as taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, destaca a baixa participación do colectivo de persoas con discapacidade no mercado laboral galego. En 2024 a súa taxa de actividade situouse no 29,4%, 49 puntos por debaixo da do colectivo de persoas sen discapacidade. A taxa de emprego foi do 24,5%, 46,6 puntos por debaixo da correspondente ás persoas sen discapacidade. A taxa de paro acadou o 16,5% para as persoas con discapacidade fronte a 9,3% para a poboación sen discapacidade.

Taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe


Taxas	Total	Persoas sen discapacidade	Persoas con discapacidade
Taxa de actividade	74,4	78,4	29,4
Taxa de emprego	67,3	71,1	24,5
Taxa de paro	9,5	9,3	16,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#)).

En contraste coa evolución positiva xeral do mercado laboral en Galicia no ano 2024, a taxa de actividade da poboación con discapacidade diminuíu 1,8 puntos respecto do ano 2023, a taxa de emprego baixou 1,9 puntos e a taxa de paro aumentou 1,1 puntos.

Evolución das taxas de actividade, emprego e paro da poboación con discapacidade. Galicia

Unidade: %



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

4 Discapacidade e mercado laboral segundo as características da persoa

A diferenza do que ocorre no colectivo de persoas sen discapacidade, as mulleres con discapacidade teñen máis presenza no mercado laboral galego que os homes. Así, en relación ás persoas con discapacidade, en 2024 a taxa de actividade feminina é 3,6 puntos superior á masculina. A taxa de emprego amosa o mesmo patrón: a taxa feminina é superior á masculina en 3,1 puntos. Pola súa banda, a taxa de paro entre o colectivo feminino de persoas con discapacidade (16,1%) é lixeiramente inferior á do colectivo masculino (16,7%)

Taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, segundo o sexo. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe


Taxas	Persoas sen discapacidade		Persoas con discapacidade	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Taxa de actividade	82,3	74,7	27,8	31,4
Taxa de emprego	75,2	67,3	23,2	26,3
Taxa de paro	8,6	10,0	16,7	16,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#)).

A participación no mercado laboral da poboación con discapacidade vén determinada polo grao e o tipo de discapacidade que padeza a persoa. Así, das 40.100 persoas con discapacidade que formaban parte da poboación activa en 2024, a meirande parte (o 56,6%) tiña un grao de discapacidade de entre o 33% e o 44%.

Distribución da poboación activa con discapacidade segundo o grao de discapacidade. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

Nota: o grupo "Non consta" está formado polos pensionistas que teñen recoñecida unha pensión de incapacidade permanente e que non están rexistrados na Base de Datos Estatal de Persoas con Discapacidade (BEPD)

Por tipo de discapacidade obsérvase que a taxa de actividade, é maior no caso das persoas con discapacidade física e outras: (41,6%). A continuación sitúase a taxa de actividade da poboación con discapacidade sensorial (40,5%).

Taxas de actividade e emprego da poboación con discapacidade segundo o tipo de discapacidade. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe

Tipo	Taxa de actividade	Taxa de emprego
Total	29,4	24,5
Física e outras	41,6	36,4
Intelectual	18,3	13,4
Mental	25,4	17,5
Sensorial	40,5	35,0
Non consta	16,0	13,8


Fonte: IG-INE. Enquisa de poboación activa.
Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#)).

5 Discapacidade e mercado laboral segundo as características laborais

O 77,6% da poboación ocupada con discapacidade traballaba a xornada completa en 2024; esta porcentaxe é 9,5 puntos inferior á correspondente ao colectivo de poboación ocupada sen discapacidade.

Distribución da poboación ocupada con e sen discapacidade segundo a xornada laboral. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

A meirande parte dos traballadores e das traballadoras con discapacidade de Galicia son asalariadas (85,1%). Destas, o 81,8% tiña contrato indefinido, 2,4 puntos menos que a poboación asalariada sen discapacidade.

Distribución da poboación asalariada con e sen discapacidade segundo o contrato laboral. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#))

Para fomentar a inserción no mercado laboral do colectivo de persoas con discapacidade, o Sistema da Seguridade Social contempla reducións e bonificacións nas cotas de cotización, así como unha modalidade de contratación específica para traballadores e traballadoras con discapacidade (que, ademais de conlevar bonificacións nas cotas de cotización, contempla determinadas subvencións).

En 2024 16.000 persoas ocupadas con discapacidade tivo algún tipo de redución ou bonificación nas cotizacións á Seguridade Social; isto supón o 64% do colectivo de ocupados e ocupadas con discapacidade que cotizou á Seguridade Social.

Poboación ocupada con discapacidade que cotiza á Seguridade Social segundo se tiveron reducións/bonificacións por discapacidade. Galicia. Ano 2024

Unidade: miles de persoas, porcentaxe

Colectivo	Ano 2024	
	Valores	Distribución
Total de persoas ocupadas con discapacidade que cotizan á Seguridade Social	25,0	100,0
Sen bonificacións ou reducións nas cotas	9,0	36,0
Con bonificacións ou reducións nas cotas	16,0	64,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade ([descarga da táboa](#)).

6 Metodoloxía, definicións, fontes e máis información

Metodoloxía

- [Metodoloxía](#)

Definicións

- [Definicións](#)

Descarga de datos

- [Fogares segundo a presenza de discapacidade e a relación coa actividade. Galicia](#)
- [Persoas con e sen discapacidade segundo a relación coa actividade económica e o sexo. Galicia](#)
- [Taxas de actividade, emprego e paro das persoas con e sen discapacidade segundo o sexo. Galicia](#)
- [Persoas con dependencia segundo a relación coa actividade económica e o grao de discapacidade. Galicia](#)
- [Taxas de actividade e emprego das persoas con discapacidade segundo o tipo de discapacidade. Galicia](#)
- [Poboación ocupada con e sen discapacidade segundo a situación profesional. Galicia](#)
- [Poboación ocupada con e sen discapacidade segundo o tipo de xornada. Galicia](#)
- [Poboación asalariada con e sen discapacidade segundo o tipo de contrato e o sexo. Galicia](#)
- [Poboación ocupada con discapacidade que cotiza á Seguridade Social segundo reducións/bonificacións por discapacidade e sexo. Galicia](#)
- [Poboación asalariada con discapacidade que cotiza á Seguridade Social segundo teña contrato específico de discapacidade, segundo o sexo. Galicia](#)
- [Persoas con e sen prestacións derivadas de incapacidade segundo o sexo. Galicia](#)
- [Persoas en situación de dependencia recoñecida segundo o sexo. Galicia](#)